



Máis información

Se desexas saber máis sobre a psicoloxía da intervención social, consulta co teu colexio oficial de psicoloxía ou con entidades especializadas en servizos sociais.

Psicoloxía da Intervención Social



 www.facebook.com/copgalicia

 [@copgalicia](https://twitter.com/copgalicia)  [@copgalicia](https://www.instagram.com/copgalicia)

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo | 15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 | copgalicia@copgalicia.gal | www.copgalicia.gal

D. L.: C2074-2025



Sabes que é a **Psicología da Intervención Social**?

É a rama da psicoloxía que busca mellorar a calidade de vida e o benestar das persoas mediante unha intervención proactiva, preventiva e orientada á súa mellora integral. As intervencións diríxense a enfoques que promoven o desenvolvemento en persoas, grupos e comunidades, das habilidades e competencias necesarias para analizar mellor a súa realidade social e atopar as solucións máis axeitadas.

Os obxectivos da intervención social céntranse en reducir ou previr situacións de risco social e persoal, xa sexa mediante a intervención na solución de problemas concretos que afectan a individuos, grupos ou comunidades, achegando recursos materiais ou profesionais, ou a través da promoción dun maior benestar.

Funcións principais

- **Atención directa:** intervención con persoas, grupos ou comunidades para xerar habilidades, competencias e recursos que permita ás persoas destinatarias afrontar os desafíos con máis éxito.
- **Asesoramento e consultoría:** apoio a profesionais e institucións no desenvolvemento de programas sociais.
- **Dinamización comunitaria:** favorecer grupos de apoio comunitarios, impulsar proxectos acordes as necesidades detectadas ou promover movementos asociativos, entre outros.
- **Formación:** deseño e execución de actividades formativas en diversos colectivos.
- **Investigación e avaliación:** estudo e análise de plans e programas de intervención.
- **Planificación e programación:** elaboración de estratexias de acción social.
- **Dirección e xestión:** coordinación de servizos e entidades sociais.

Ámbitos de intervención

As persoas profesionais da psicoloxía da intervención social poden traballar en diversos sectores:

- Infancia e adolescencia
- Mocidade
- Familia
- Muller
- Intervención comunitaria
- Persoas maiores
- Discapacidade
- Psicología ambiental
- Minorías sociais e inmigración
- Cooperación para o desenvolvemento
- Tempo libre e lecer
- Outras áreas emerxentes

É necesaria a habilitación sanitaria?

Non. A psicoloxía da intervención social enmárcase nos servizos sociais, non no ámbito sanitario. A habilitación sanitaria só é necesaria para exercer en centros sanitarios.

Para exercer neste ámbito é obrigatoria a colexiación no colexio oficial de psicoloxía correspondente.

